

Teo

UNHA
NOVA GALIZA
CONCELLO
A CONCELLO

ACTO PÚBLICO PRESENTACIÓN CANDIDATURA



RESTAURANTE PÓRTICO, TEO
31 DE MARZO, 20:00 HORAS

INTERVIRÁN:

NOELIA CASTAÑO GOSENDE

nº2 na candidatura

IRIA CARREIRA PAZOS

deputada do BNG no Parlamento

NÉSTOR REGO CANDAMIL

deputado do BNG no Congreso

ELOI DEVESA PUENTE

candidato á Alcaldía do Concello de Teo

ELOI DEVESA, CANDIDATO Á ALCALDÍA DO CONCELLO DE TEO

Eloi Devesa Puente é veciño da parroquia de **Luci**. Licenciado en Historia da Arte pola USC e cun mestrado en Formación do Profesorado, viviu en Santiago, A Coruña, Ourense, Italia e Uruguai, mais sempre coa perspectiva de volver para Teo. Hoxe ten 36 anos e leva máis de 5 traballando de carteiro en Teo

O interese pola política vénlle de familia: o seu bisavó, Andrés Puente Fernández, veciño da parroquia de Reis, foi concelleiro en Teo durante a Segunda República.

A Devesa gústalle a arte, a natureza e a música. No seu tempo libre adoita practicar deporte ao aire libre, momento no que aproveita para percorrer os camiños de Teo, desfrutando tamén do patrimonio cultural e natural do Concello.

Devesa encabeza a lista para as eleccións municipais con moita ilusión, forza e ganas de mellorar o Concello, e coa confianza de contar cunha candidatura solvente: **“Presentámonos cun equipo que combina a experiencia e a mocidade, a representación territorial e a socio-laboral, un equipo que coñece ben as problemáticas e as potencialidades do Concello”**.

O candidato á Alcaldía ten claro que, contando coa veciñanza, conseguiremos mudar as cousas e crear un novo **Teo do que todas as persoas se sintan orgullosas**. En palabras de Devesa: “Teo pode saír do estancamento e ser moito máis, cun goberno con ideas innovadoras que crea nas posibilidades de Teo e traballe por un proxecto claro e ilusionante”



**Noelia Castaño
Gosende**

Nº 2. O Ferreiriño,
Reis.
Xornalista.



**Óscar Antón
Pérez García**

Nº 3. Cacheiras.
Enxeñeiro Técnico
Agrícola, docente.



**Almudena
Taboada Castro**

Nº 4. Vilar,
Cacheiras.
Administrativa.



**Marcelino
Rey Iglesias**

Nº 5. Os Tilos. Oficial
electromecánico en
Augas de Teo.



**Darí Segade
Brión**

Nº 6. Carballed, Calo.
Lic. en empresariais,
docente.



**Irene Tato
Mosquera**

Nº 7. Fornelos,
Rarís.
Enfermeira.



**Rubén Novo
Martínez**

Nº 8. Vilar, Teo.
Administrativo.



**Jorge Manuel
Rey Rivas**

Nº 9. Os Tilos. Autor,
actor e director de
teatro.



**Manuel Rodiño
Fernández**

Nº 10. A Torre,
Cacheiras.
Traballador forestal.



**Sofía Rama
Lorenzo**

Nº 11. A Póboa,
San Sadurniño.
Docente.



**Juan Conde
Couselo**

Nº 12. Carballed,
Calo. Educador
ambiental.



**Roi Álvarez
Iglesias**

Nº 13. Montouto,
Cacheiras.
Estudante de ADE.



**Uxía Calvelo
Gallego**

Nº 14. Cerdeira,
Vilariño. Técnica
superior de fotografía.



**Gonzalo Suárez
Fernández**

Nº 15. Reboredo,
Bamonde.
Transportista.



**Carmen María
Rivas Lois**

Nº 16. A Ramallosa,
Lucí. Administrativa
no CHUS.



**Carme Diéguez
González**

Nº 17. Ribas, Oza.
Docente. Concelleira en
2005/2015 e actual.





TEO MERECE MÁIS

Merecemos un concello para as persoas

Dinamizaremos os espazos públicos (Casas Comúns) tanto no rural como no urbano. Humanizaremos os núcleos de poboación, melloraremos a seguridade viaria e crearemos aparcadoiros disuasorios. Fomentaremos a participación da veciñanza nos asuntos municipais.

Merecemos máis e mellores servizos públicos

Ampliaremos e melloraremos o saneamento. Esixiremos a creación de Centro de Día, residencia de maiores e vivendas compartidas de xestión pública. Pularemos pola mellora nos servizos de atención á dependencia. Traballaremos por un transporte público efectivo; impulsaremos o transporte a demanda.

Merecemos un concello que xere emprego

Fomentaremos políticas activas de emprego. Impulsaremos o polígono industrial. Apoiaremos o comercio local. Reclamaremos o remate das concentracións parcelarias iniciadas. Crearemos mercados e feiras que visibilicen os nosos produtos agrogandeiros e axuden a implementar o cooperativismo.

Merecemos un concello que aposte pola mocidade

Impulsaremos o asociacionismo xuvenil, recuperando locais de ensaio e creando espazos multidisciplinares. Crearemos espazos de encontro e recreo, onde sexa posíbel practicar deporte ao aire libre. Promoveremos aulas de estudo abertas 24h, bus nocturno e infraestruturas deportivas modernas.

Merecemos un concello sustentábel

Protexeremos e poñeremos en valor ríos, montes e regatos. Traballaremos por un medio ambiente saudábel para as persoas. Loitaremos contra a instalación de parques eólicos en espazos inadecuados. Recuperaremos a contorna da mina da Casalonga. Traballaremos por un novo modelo de xestión de residuos.

Entrevista coa portavoz nacional do BNG, Ana Pontón:

“A política municipal do BNG é referencia de prestixio, de transformación e de traballo ben feito”

“Unha nova Galiza, concello a concello” é o lema do BNG para a precampaña das Municipais do vindeiro mes de maio.

Exacto, si. A política municipal do BNG, o noso modelo de política local nos concellos, é un exemplo de éxito, de bo traballo, de transformación e de mudanza alí onde temos capacidade de gobernar. Temos un proxecto nacional, de desenvolvemento e mellora de Galiza, que tamén se constrúe concello a concello, desde o local, cunha idea clara de política que poña en valor os recursos e potencial do noso país. **Nos servizos sociais, na cultura, no modelo de urbanismo, no desenvolvemento económico dos concellos, na atención e proximidade cos veciños e veciñas, o BNG somos a referencia en positivo.**

Ten manifestado nalgunha ocasión que estas municipais son unha oportunidade para o BNG.

Estou convencida de que imos dar un gran salto adiante. Danse as condicións para que sexa así e imos preparar as mellores candidaturas municipais da nosa historia. Temos que ser ambiciosas e facer das **candidaturas do BNG un espazo amplo, con vontade de integrar persoas que queren coma nós o mellor para os nosos concellos.** Hoxe en Galiza somos a referencia clara da mudanza política, o BNG é unha forza política á alza, cunha valoración e apoio moi alto e temos que trasladar tamén isto aos concellos, con confianza en nós. **É vital facer medrar o nacionalismo desde a base, concello a concello,** e facelo incorporando, sumando, sendo en cada localidade a forza do cambio a mellor. Das eleccións municipais de maio teñen que saír máis concelleiros e concelleiras e máis gobernos BNG.

O contexto económico en que se van dar municipais é incerto. Como valora a situación?

Vimos de realizar, nos pasados meses, unha campaña informativa e mobilizadora moi importante, que culminou cunha manifestación nacional en Compostela o pasado 18 de decembro. **O BNG está do lado das maiorías sociais, somos leais a elas e ao noso país,** e estamos traballando intensamente en dúas liñas.



Por un lado, na denuncia da estafa que supón esta crise de prezos, que fai que os ricos e as multinacionais se forren aínda máis a conta da sociedade. Por outra, na presentación das nosas alternativas, como forza seria e responsábel que somos. Hai propostas viábeis e rigorosas para facer fronte aos efectos da crise na vivenda, na cesta da compra, na enerxía e carburantes, nas hipotecas, nas pensións.

Tamén a dinámica política está vivindo un momento convulso, a nivel galego e de Estado.

A dereita non aceptou nunca, nin acepta hoxe, que a xente a poña na oposición. En Galiza, onde goberna, está dos nervios porque as enquisas sinalan que o BNG medra e que nas vindeiras Galegas a mudanza política é posíbel e que Galiza pode ter unha presidenta nacionalista. Por iso os ataques ao BNG ou o control e manipulación da TVG e da Radio Galega, que van a máis cada día. No Estado vimos caer a máscara do uso político da xustiza por parte dos grandes partidos. A democracia española é de moi pouca calidade, a dereita aínda busca achicala máis e ao PSOE e Podemos, no goberno do Estado, estalles a faltar valentía para facer políticas de verdade transformadoras. **Para Galiza o fundamental é unha cousa: termos voz propia e facernos valer.** Necesitamos ter máis forza en Madrid e máis capacidade de defender alí os nosos intereses.

Dende o BNG queremos saber da túa opinión, suxestións ou achegas, animamos á participación nas nosas asembleas abertas ou ben a que contactes directamente a través de estes medios: